



Publicada a relación de libros de texto para o vindeiro curso 2016/2017, o profesorado aconséllalles que, no caso do **alumnado de 3º, 5º e 6º**, para as materias de:

- Lingua galega e literatura,
- Lengua castellana y literatura,
- Matemáticas,
- Ciencias Naturais e Ciencias Sociais/Coñecemento do medio e
- Lingua Inglesa

non merquen os libros. Manteranse como libros de texto oficiais pero serán un material de apoio máis, xunto con outros recursos que o centro e o profesorado lles proporcionarán aos seus fillos/as.

Esta recomendación non inclúe os cadernos correspondentes a estas materias que figuran na relación como material non reutilizable. Son libros nos que o alumnado ten que escribir as respostas ás tarefas que se lles encomendan e, polo tanto, é preciso que cada quen merque o seu.

Santiago, 20 de xuño de 2016